



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/45	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	2 de outubro de 2017
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:37 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	NON
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 6046/2017. Solicitud de pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada en data 10.09.2017 por R. S. G., con domicilio no Freixo, nº 13-Longán-Coiro, na que demanda sinalización de pasaxe permanente para o primeiro portal de entrada á súa propiedade.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a concesión de sinal de pasaxe permanente e ao pintado de liña amarela diante do primeiro portal sito no Freixo, nº 13.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 6080/2017. Solicitud de pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada en data 20.09.2017 por R. S. G., con domicilio no Freixo, nº 13-Longán-Coiro, na que demanda sinalización de pasaxe permanente para o segundo portal de entrada á súa propiedade.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a concesión de sinal de pasaxe permanente e ao pintado de liña amarela diante do segundo portal sito no Freixo, nº 13.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 5782/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 5782/2017.- Outorgar licenza de obras a S. C. P., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Diego Xelmírez, nº 7-Cangas, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, para, en solo de núcleo rural regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda



unifamiliar de 88,39 m²., de semitoto; 92,88 m²., de planta baixa; 82,11 m²., de primeiro andar e 28,75 m²., de terrazas, no lugar da Regueira-San Pedro, segundo o proxecto básico elaborado polo arquitecto Ricardo Salgado Salgado. A licenza outorgarase condicionada á presentación, antes do inicio das obras, do proxecto de execución visado e oficios co nomeamento do coordinador de seguridade e saúde, cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto a obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo. O presuposto de execución material ascende a cento vinte e seis mil trinta e catro euros con oitenta e un céntimos (126.034,81 €).

Acéptase a cesión para ampliación de vieiro municipal de 166,35 m²., materializada na escritura de cesión urbanística formalizada perante a notaria Maria Jose Latas Espiño, en data 21.09.2017, nº do seu protocolo 727 e a fianza depositada no Banco Popular por importe de trescentos noventa e dous euros con setenta céntimos (392,70 €), para respostar das obras de urbanización en data 21 de setembro de 2017.

Expediente 5971/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5.971/17.- Outorgar licenza de obras a M.P. A.a e C. B. I., con enderezo en rúa Fonte do Galo, nº 11-Cangas, para no referido lugar reformar o segundo andar da vivenda existente en 48,80 m²., e ampliala en 57,10 m²., de conformidade co proxecto elaborado polos arquitectos Rafael Oliveira Souto e Juan A. Fernández Martínez, visado en data 29 de agosto de 2017, condicionado a presentación dos oficios de dirección, así como do coordinador de seguridade e saúde e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cincuenta e catro mil cento sesenta e seis euros con catorce céntimos (54.166,14 €).

Expediente 5040/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5040/17.- A "GAS GALICIA SDG SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB, para en rúa Eduardo Vicenti, nº 2-Cangas, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para canalización de gas, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

Observacións: na zona xa existe unha rede xeral de gas.

Malia isto a situación da acometida deberá ter en conta os demais servizos soterrados existentes como son as liñas de telefonía, eléctricas e redes de auga (abastecemento, fecais e pluviais), todas elas a data de hoxe en servizo. Sobre todo para cruces por debaixo das redes existentes respectando as distancias regulamentarias de seguridade que marcan as normativas do sector.

Deberase pedir e marcar os servizos afectados a través da plataforma dixital axeitada antes da



Concello de Cangas

execución da acometida solicitada.

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa.

Unha vez rematadas as obras deberán deixar a rúa nas mesmas condicións ás existentes substituíndo filas completas de pedras de iguais características que as existentes. Deberá regular o tráfico durante as obras.

Deberá comunicar previamente ao Concello o comezo das obras para poder coordinalas ao tratarse de obras na vía pública.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 6005/2017. Prórroga de licenza de obras

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6005/2017 (EXPEDIENTE Nº 22.829.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.282).- Outorgar a M. M. F., con enderezo a efectos de notificacións en estrada de Aldán-Seixo, nº38-Darbo, prórroga da licenza de obras nº 22.282, por un período de trinta e seis meses, de conformidade disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, vistos os informes técnicos favorables obrantes no expediente.

Expediente 4827/2017. Cambio de titularidade de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4.827/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. S. R. P. e F. H., para cambio de titularidade da licenza de obras concedida, no expediente nº 4827/2017, o pasado 14 de agosto de 2017, para construción de vivenda no lugar de Areacova-Santa Marta-Darbo, a cal estaba a nome de N. G. G.

Expediente 3781/2017. Licenza de parcelación urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Detectado un erro na redación do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local realizada en data 24.07.2017, relativa ao expediente nº 3781/2017, no que se concede licenza de parcelación, na redación deste, no punto segundo faise mención a: "...As superficies de cesión

Concello de Cangas



son 43,13 m2., correspondentes á parcela A, e 58,90 m2., correspondentes á parcela B.”; debe dicir: “*As superficies de cesión resultan da escritura de data 22.07.2010, número 817 de protocolo da notaria de Cangas, A. T. C. P., ao abeiro da licenza nº 22.331 de 2010.*”

Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas, RESOLVO rectificar o dito acordo quedando da seguinte maneira:

EXPEDIENTE 3781/2017.-

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto a parcelación autorizada no expediente nº 40/2017, visto o escrito de data 14 de xullo de 2017 presentado pola interesada e visto que a eficacia do acordo adoptado nese expediente quedaba condicionada á formalización da cesión para ampliación do viero municipal no prazo de un mes a contar desde o 27 de febreiro de 2017, e que esta non se materializou.

SEGUNDO.- Conceder licenza de parcelación a G. G. F.con enderezo en Camiño Vello de Rodeira, nº 20-Coiro, consistente na agrupación de dúas parcelas, autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2010 (licenza nº 22.331); parcelas netas 2 e 3, para a súa posterior segregación en dúas parcelas resultantes, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto, Manuel Pena Rodríguez, de data xuño de 2017. As parcelas resultantes contan coas seguintes superficies netas: parcela A de 783,01 m2., na que existe una vivenda; parcela B de 947,03 m2. As superficies de cesión resultan da escritura de data 22.07.2010, número 817 de protocolo da notaria de Cangas, Ana Teresa Canosa Pérez, ao abeiro da licenza nº 22.331 de 2010.

TERCEIRO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello por una superficie de 102,03 m2. De non aportar dita escritura de cesión no prazo de un mes desde o acordo da Xunta de Goberno Local a licenza quedará sen efecto.

Expediente 6034/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6034/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "A. Á. G. ", con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Bueu, nº 16-entrechán-Cangas, para reformas interiores (reforma de baño e substitución de portas de paso existentes) en local sito no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil douscentos cincuenta euros (1.250,00 €).

Expediente 6058/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento



EXPEDIENTE Nº 6058/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. C. S., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Antonio Soage Jalda, nº 4-4ºA-Cangas, para remate de cerramento en lindeiro de predio sito en rúa O Freixo, nº 49-A Retirosa-Coiro, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil trescentos trinta euros (3.330,00 €).

Expediente 6006/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6006/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.C. O., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Laxe do Barro, nº 4- Vilanova-O Hío, para conservación e mantemento de muro de cerramento a lindeiros sito na Devesa, nº 25-Gandón-Aldán, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a trescentos vinte e catro euros (324,00 €).

Expediente 5967/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5.967/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DERRIBO, para renovación do revestimento de dúas fachadas do edificio sito no lugar da rúa Outeiro, nº 36-Cangas, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico Raul Rey Fandiño de data 7 de setembro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil douscentos euros (5.200,00 €).

Expediente 4910/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4910/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "CAPRICE UNLIMITED SL", con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Manuel Quiroga, nº 13-Pontevedra, para cambio de titularidade de tenda de roupa no local sito en Rúa Noria, nº 3-baixo 2, que ata agora rexentaba R. C. B., segundo o informe favorable do arquitecto municipal de data 22 de setembro de 2017.

Expediente 4146/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 4146/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. B. M., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Paraíso, nº 21-porta 2-Cangas, para cambio de titularidade de café-bar sito en rúa Retrama, nº 3-baixo, que ata agora rexentaba M. P. S., vista a acta de inspección favorable da arquitecta municipal do PEPRI de data 26.09.2017.	

Expediente 884/2017. Infracción urbanística nº 3/2016 (SPORT STREET SL)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<u>Expediente nº:</u> 884/2017-3/2016	
<p>De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 12 de setembro do 2017, de "SPORT STREET SL", en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 884/2017-3/2016.</p> <p>Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte:</p> <p>ACORDO</p> <p>PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a "SPORT STREET SL", por ter realizado no lugar de rúa Vincenti, nº 4-Cangas, as obras de reformas interiores para levar a cabo unha actividade de comercio de produtos deportivos, visto o o xustificante de pagamento de data 12 de setembro do 2017 de "SPORT STREET SL", incorporado ao expediente.</p> <p>Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.</p>	

Expediente 578/2017. Infracción urbanística nº 41/2016 (ALEJANDRO BARREIRO SOTELO)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<u>Expediente nº:</u> 578/2017-41/2016	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 24 de agosto do 2017, de A. B.S. en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 578/2017-41/2016.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a A. B. S., por ter realizado no lugar da Rosada-Coiro, obras de construción dunha caseta arrimada a lindeiro, visto o xustificante de pagamento de data 24 de agosto do 2017 de A. B. S., da sanción imposta.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Expediente 1147/2017. Infracción urbanística nº 16/2016 (MARÍA PILAR SÁNCHEZ IGLESIAS)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: 16/2016-1147/2017

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a seguinte:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

M. R. G., instrutora designada polo alcalde do Concello mediante proposta de Alcaldía de data 16 de xuño de 2017, en relación co expediente sancionador que se está tramitando neste Concello, nº 16/2016-1147/2017, emite a seguinte proposta de resolución vistos os seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de M.P. S. I. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de Menduñña-Aldán, obras sen licenza consistentes en realizar a reconstrución e ampliación a menos de 3,00 metros do lindeiro dunha edificación existente, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 14 de agosto do 2017.



SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 26 de xuño do 2017, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, a interesada non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Con data 1 de setembro do 2017, foi notificada a proposta de sanción á interesada co fin de que formulara alegacións e presentara os documentos e informacións que estimara convenientes.

Con data 21 de setembro do 2017 nº rexistro 11243, M. P. S. I., presenta escrito de alegacións manifestando que as obras son anteriores ao ano 2003 polo que se atopan prescritas, polo que solicita que se dea por finalizado o expediente de infracción urbanística.

Con data 27 de setembro do 2017 o técnico municipal informa desfavorablemente as alegacións en cuestión por tratarse de obras de conservación e mantemento da edificación con expediente de reposición de la legalidade urbanística aberto por ampliación de vivienda existente non legalizable.

“...Tal e como se reflexa nos informes de inspección achegados ao expediente queda manifestamente patente que se produciu unha ampliación da edificación preexistente sen licenza para iso e que dita ampliación é ilegalizable por terse executado a menos de tres metros do lindero. Infórmase, en consecuencia, desfavorablemente o recurso de reposición presentado, entendendo que o informe anexo asinado polo arquitecto José Manuel Resille Chapela non se axusta á realidade dos feitos.

Se presenta novo escrito con data 21.09.2017, onde se di que as obras son anteriores ao 2003 e que está caducada a infracción, non aportando xustificación nin proba diso, polo que se debe desestimar a alegación presentada.”

As alegacións formuladas deben ser desestimadas toda vez que o expediente en tramitación trata de sancionar ás persoas responsables da realización de obras sen axustarse á licenza outorgado como propietaria dos terreos, feito probado no expediente de restauración da legalidade urbanística tramitado, de conformidade co establecido no artigo 160 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. Así mesmo non resulta probada a prescrición das obras visto o informe do técnico municipal emitido ao respecto.

Visto canto antecede, e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por M.P. S. I. en data 21 de setembro do 2017, polos razonamentos expostos no corpo desta proposta e o informe emitido ao respecto polo arquitecto municipal en data 27 de setembro de 2017 e declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Menduña-Aldán, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 158.3.4 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 27 de setembro do 2017.



SEGUNDO.- Declarar que M. P.S. I., na súa calidade de promotora é responsable directa da referida infracción.

TERCEIRO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, e o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía de seis mil un euros (6001,00 €). Indicar á interesada que si legaliza as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

CUARTO.- Advertir á interesada que, en caso de pagar voluntariamente a sanción imposta antes da resolución do presente procedemento sancionador, aplicarase unha redución desta do 50%. Non entanto, a súa efectividade estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

QUINTO.- Elevar, unha vez recibidas as alegacións, documentos e informacións transcorrido o prazo de audiencia, todo o expediente ao Alcalde para a súa resolución”.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar mais conveniente ao seu dereito.

Expediente 5090/2017. Proposta de aprobación do plan de seguridade e saúde da obra “Reposición de servizos e pavimentación en rúa Bos Aires”

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o informe de M. I. M. F., coordinadora de seguridade e saúde durante a execución das obras de “Reposición de Servizos e pavimentación en Rúa Bos Aires”, que indica que a empresa adjudicataria das obras presentou o plan de seguridade e saúde e que o mencionado plan se axusta ao estipulado na lexislación vixente informando favorablemente.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o plan de seguridade e saúde do proxecto de “Reposición de Servizos e pavimentación en Rúa Bos Aires”.

Expediente 6130/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a M.C.M.G., co expediente nº: 36008/02/001196-2 , o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de libre concorrência e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psicosocial e educativo.

Custo do servizo: catrocentos sesenta euros con noventa e catro céntimos (460,94 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica 10%) corenta e seis euros con nove céntimos (46,09 euros/mes).

Número de horas: 36 horas.

Data prevista de alta no SAF: outubro de 2017.

Expediente 6168/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a A.P.L., co expediente nº: 36008/02/002768-VI0000056452, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de DEPENDENCIA e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.
- Atencións de carácter psico social e educativo.

Custo do servizo: oitocentos corenta e sete euros con trinta e nove céntimos (847,39 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica) cento dez euros con cincuenta e catro céntimos (110,54 €).

Número de horas: 70 horas.

Data prevista de alta no SAF: outubro de 2017.

Expediente 6169/2017. Prestación do servizo de axuda a domicilio



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a L.G.D., co expediente nº: 36008/02/000339-VI0000055347, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de DEPENDENCIA e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none">- Atencións de carácter persoal.- Atencións de carácter doméstico e da vivenda.- Atencións de carácter psico social e educativo. <p><u>Custo do servizo:</u> oitocentos corenta e sete euros con trinta e nove céntimos (847,39 €).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> cento setenta e tres euros con corenta e tres céntimos (173,43 euros/mes) (segundo a capacidade económica: novecentos trinta e dous euros con corenta céntimos (932,40 euros/mes).</p> <p><u>Número de horas:</u> 70 horas.</p> <p><u>Data prevista de alta no SAF:</u> outubro de 2017.</p>	

Expediente 6004/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:</p> <p><u>Primeiro.-</u> Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de catro mil novecentos cinco euros con corenta e oito céntimos (4.905,48 €), depositado pola empresa "Construcións, Obras e Viais SA" (COVSA), para a realización das obras de "Pavimentación Concello de Cangas PPOS/15".</p> <p><u>Segundo.-</u> Notificar este acordo ao interesado.</p>	

Expediente 4874/2017. Aprobación do expediente de contratación da obra "Humanización das rúas Baiona e Méndez Núñez" (Urxencia)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 07.08.2017, polo que</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de obra “Humanización das rúas Baiona e Méndez Núñez”, incluído no Plan de obras e servizos da Deputación Provincial (Plan Concellos 2017).

Visto que o Interventor municipal emitiu o día 07.08.2017 documento de retención de crédito con nº de asentamento 004764, por importe de cento cincuenta e un mil oitocentos dous euros con noventa céntimos (151.802,90 €), con cargo á aplicación orzamentaria 132.61904.

Visto que o se incorporou ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de Secretaría (02.10.2017) e Intervención (informe 2017-0124 [SCM-121-17] do día 28.09.2017).

Advertido pola secretaria que a tramitación de urxencia esixe a declaración de urxencia feita polo órgano de contratación, debidamente motivada.

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra “Humanización das rúas Baiona e Méndez Núñez”, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares que constan como anexos a este acordo, que rexerán a licitación, mediante procedemento aberto, tramitación urxente.

Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 1532.61904 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil do contratante.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.

Expediente 3644/2017. Concesión subvencións deporte federado 2017 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO PARA O ANO 2017

Unha vez avaliadas e revisadas as 25 solicitudes presentadas polos clubs, segundo a documentación achegada, tendo en contas os criterios e os baremos que figuran no artigo 9º das bases da convocatoria, realizando o procedemento da puntuación a cada club solicitante e de acordo cos artigos 8.2-3 e 4 das mencionadas bases, esta comisión de valoración adopta o seguinte acordo:

1º.- Elevar a seguinte proposta de resolución a aprobación da Xunta de Goberno Local como proposta de acordo da concesión das subvencións destinadas ao fomento do deporte federado para o ano 2017:



Concello de Cangas

ENTIDADE	Nº PUNTOS	IMPORTE
C. ÁNFORA PATINAXE ARTÍSTICA	60	1.044,00 €
C. ALONDRAS C.F.	872	15.301,00 €
C. ATLETISMO MORRAZO	49	851,00 €
C. ATLETISMO VILA DE CANGAS	287	5.027,00 €
C. BALONCESTO DEFENSORES MORRAZO	105	1.834,00 €
C. BALONMÁN CANGAS	1.707	29.953,00 €
C. BALONMÁN LUCEROS	657	11.528,00 €
C. POMBAS DO MORRAZO	29	509,00 €
C. CICLISTA CANGAS	60	1.044,00 €
C. CINANIA T.M.	68	1.184,00 €
F.C. CRUCEIRO DE HIO	165	2.895,00 €
F.C. RÁPIDO BAHÍA	122	2.141,00 €
C. GALERNA ACTV. SUBACUÁTICAS	32	562,00 €
C. MAR RÍA DE ALDÁN	475	8.326,00 €
C. NAÚTICO CANGAS	58	1.018,00 €
C. NAÚTICO RODEIRA	382	6.694,00 €
PEÑA CICLISTA BIKE OU NON VAI	40	693,00 €
C. PIRAGUISMO ALDÁN	28	491,00 €
C. REMO VILA DE CANGAS	118	2.071,00 €
C. SARES-TKD CANGAS	148	2.588,00 €
C. TENIS CANGAS	77	1.342,00 €
C. MÁSTER MORRAZO	27	465,00 €
E.F.B. CANGAS	25	439,00 €
C. WIND&SUP LIMÉNS	62	1.079,00 €
C. VOLEIBOL MANIOTAS	53	921,00 €
TOTAL:		100.000,00 €

2º.- Establecer, se é necesario, o pago anticipado do 50% da subvención, é dicir, a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, de acordo co artigo 12º das bases.

3º.- Trasladar dito acordo a Intervención, Secretaría e taboleiro de anuncios.

4º.- Trasladar dito acordo ás entidades deportivas nun prazo de 15 días.

Expediente 5847/2017. Aprobación do convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas para a renovación do pavimento das pistas de atletismo (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

Dase conta do convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas, para a renovación do pavimento das pistas de Atletismo, que

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

ascenderá á cantidade de cento vinte e nove mil novecentos noventa euros con quince céntimos (129.990,15 €), e que a Secretaría Xeral para o Deporte subvencionará cincuenta mil euros (50.000,00 €) e o Concello de Cangas achegará a cantidade de setenta e nove mil novecentos noventa euros con quince céntimos (79.990,15 €), o período de vixencia entenderase ata o 31 de decembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o texto do convenio íntegro e aceptar as cláusulas que nel se recollen.

Expediente 1551/2017.- ACEPTAR A AXUDA CONCEDIDA POR AGADER PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “REDESCUBRINDO AS PAISAXES DE BEROBREO (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

Vista a Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) de concesión de axuda ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-20120, relativa ao expediente nº LI7 1920 15 0015, para a execución do proxecto denominado "REDESCUBRINDO AS PAISAXES DE BEROBREO", cun investiennto total de vinte e nove mil cincocentos noventa e un euros con trinta e oito céntimos (29.591,38 €), a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Aceptar a axuda concedida mediante Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) de concesión de axuda ao abeiro do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-20120, relativa ao expediente nº LI7 1920 15 0015, para a execución do proxecto denominado "REDESCUBRINDO AS PAISAXES DE BEROBREO", polo importe total de dezanove mil trescentos oitenta e oito euros con vinte e sete céntimos (19.388,27 €), correspondendo á anualidade 2017; catro mil oitocentos corenta e sete euros con sete céntimos (4.847,07 €) e a anualidade 2018 a cantidade de catorce mil cincocentos corenta e un euros con vinte céntimos (14.541,20 €).

Segundo.- Dar traslado do acordo a Subvencións e á Intervención Municipal.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850